

■ O 28 de setembro é o Día de acción global polo aborto legal, seguro e accesible. CCOO reivindica o aborto libre, seguro, gratuito e na sanidade pública, en condicións de igualdade para todas as mulleres, sexa cal for o seu lugar de residencia e con toda a información e garantías para escolleren libremente. / Páxs. 2-3

Órgano de comunicación do S. N. de **ccoo**

02/23 SETEMBRO

# Aborto seguro na sanidade pública



# 28S: Día de acción global polo aborto legal, seguro e accesible



O 28 de setembro é o Día de acción global polo aborto legal, seguro e accesible. CCOO reivindica o aborto libre, seguro, gratuito e na sanidade pública, en condicións de igualdade para todas as mulleres, sexa cal for o seu lugar de residencia e con toda a información e garantías para escolleren libremente.

CCOO lembramos que o aborto é undereito, que ningunha suposta autoridade está lexitimada para porlle trabas ou violar a capacidade das mulleres para tomar decisións sobre os seus propios cor-

pos ou tratar de controlar a súa capacidade reprodutiva. As restricións a este dereito tan só provocan riscos e mortes, tal e como denunciou a Organización Mundial da Saúde (OMS):

- Cada ano prodúcense 25 millóns de abortos inseguros no mundo.
- Ao redor de 39 000 mulleres morren ao ano por esta causa e millóns de mulleres más son hospitalizadas por complicacións.

É unha realidade insopportable ante a cal CCOO, como sindicato feminista, internacionalista e de clase, só podemos mostrar o noso máis firme rexeitamento.

Ante a ofensiva internacional da ultradereita e a dereita e tamén en España, onde teñen o poder en numerosas administracións, CCOO somos e seremos belixerantes para reivindicar os avances normativos, especialmente no que se refire ás garantías de acceso á prestación sanitaria, unha

---

**Ante a ofensiva da ultradereita,  
CCOO somos e seremos belixerantes en defensa dos dereitos das mulleres**

---

# A valedora do pobo admite a trámite a denuncia de CCOO

O Sindicato Nacional de CCOO denunciou perante a valedora do pobo o concurso público da Xunta de Galicia para externalizar as interrupcóns voluntarias do embarazo (IVE) naqueles casos en que —supostamente— o sistema público carecía de medios para as realizar.

A denuncia rexistrada por CCOO —xa admitida a trámite— pon énfase en que o prego de licitación recoñece expresamente a «imposibilidade de que os servizos sanitarios públicos do Servizo Galego de Saúde poidan prestar a dita asistencia cos recursos humanos, materiais e de infraestrutura cos que conta na actualidade».


Esta aseveración é contraria ao establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que establece o «dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo, en todos os supos-

tos contemplados pola normativa vixente de aplicación». A mesma norma determina que os principios que conforman o sistema público de saúde son «a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión».

prestación que ha de ser de calidad e na sanidade pública.

## AVALADO POLO CONSTITUCIONAL

En 2023 asistimos a dúas importantes sentenzas do Tribunal Constitucional que consagran como «dereito fundamental» o que asiste as mulleres a interromper o embarazo, así como a súa autodeterminación e liberdade de elección. Son a STC 44/2023, sobre a constitucionalidade da Lei do aborto do 2010, e a STC 52/2023, que condena a sanidade murciana por derivar a outra comunidade unha muller que quería abortar.



A denuncia de CCOO foi admitida a trámite pola valedora do pobo de Galicia

«Tras más de 15 anos da entrada en vigor da lei», asevera CCOO, os sucesivos Gobernos galegos foron «incapaces de prestar un servizo público eficaz, efectivo e eficiente da interrupción voluntaria do embarazo ás mulleres galegas, para xustificar a súa privatización agora na falta de recursos humanos, materiais e de infraestruturas do Sergas».

## 28 DE SETEMBRO Aborto libre e garantido na sanidade pública

### MANIFESTACIÓN

— Vigo: ás 20:30 desde o edificio da Xunta á Porta do Sol

### CONCENTRACÓNNS

- Vigo: ás 20:30 desde o edificio da Xunta á Porta do Sol
- A Coruña: ás 20 h, no Hospital Materno
- Ferrol: ás 20:00 diante do Hospital Arquitecto Marcide
- Santiago: ás 19:30 no CHUS
- Ames: ás 19 h no centro médico de Bertamiráns
- Lugo: ás 20:00 no HULA
- Ourense: ás 20:00 no CHUO
- Pontevedra: ás 20:00 no Hospital Provincial
- O Porriño: ás 20:00 diante do centro médico

## > Dentalmedic

### Seguro bucodental de alta calidad con cobertura en toda España

9,5 €  
/mes\*

(por asegurado)

- **Sen carencias, excepto en endodoncias e obturacións (2 meses a partir de 16 anos de idade)**
- **Sen declaración de saúde**
- **Sen preexistencias**
- **Teléfono urxencias 24 horas (934 45 63 64)**

#### E ademais...

Garantía "Accidente dental grave": ata 6000 €

Reembolso de franquías e gastos médicos de tratamentos bucais pagos como consecuencia dun accidente dental grave. Ademais, ofrece os seguintes servizos:

- Servizo de segunda opinión médica
- Servizo de orientación médica 24 horas
- Servizo de orientación social

\* Oferta válida ata o 31 de decembro do 2023. Oferta válida para afiliados/as a CCOO e para os membros da súa unidade familiar que convivan no mesmo domicilio, sempre que o afiliado estea asegurado na mesma poliza dental. Impostos non incluídos: 0,15 % sobre a prima anual e só repercutible no primeiro recibo.

## Descobre as vantaxes de **dentalmedic**

## Exemplos de **tarifas** orientativas 2023

### Nenos, ata 15 anos

#### 54 actos sen custo, entre eles:

limpeza dental, fluorización, radiografías, odontoloxía conservadora e ciruxía (agás ortodoncia)

### A partir de 16 anos

#### 68 actos sen custo, entre eles:

tratamentos preventivos, odontoloxía conservadora, limpiezas dentais e radiografías

### Actos a prezos especiais

En próteses, implantes e ortodoncias, desconto medio do 45% sobre a tarifa privada da rede de profesionais do cadro médico

### Sen custo ata os 15 anos. Odontoloxía infantil

Mantedor de espazo fixo e móbil	_____	Sin custo
Coroa prefabricada pediátrica	_____	Sin custo
Recementado do mantedor	_____	Sin custo

### A partir dos 16 anos. Actos odonto-estomatolóxicos

#### Prótese fixa de resina

Coroa ou ponte provisional acrílica (por pezas)	_____	20 €
Coroa parcial ou incrustación metálica (por pezas)	_____	77 €

#### Fase protésica

Falso toco de titánio	_____	Sin custo
Parafuso de cicatrización	_____	Sin custo
Parafuso de cementación	_____	Sin custo

#### Implantoloxía

Estudo implantolóxico	_____	Sin custo
Férula cirúrxica	_____	Sin custo
Férula radioloxica	_____	Sin custo
Colocación dun implante	_____	650€

ATLANTIS SANTIAGO - tlf. 611 602 341  
alicia.rodriguezbelleira@atlantisgrupo.es

ATLANTIS FERROL - tlf. 981 350 974  
antonio.pitasanz@atlantisgrupo.es

ATLANTIS A CORUÑA - tlf. 689 126 116  
juan.quintelasanchez@atlantisgrupo.es

ATLANTIS VIGO - tlf. 683 273 210  
alfonso.gonzalezvalvarez@atlantisgrupo.es